



## Concello de Baralla

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN URGENTE E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA OBRA "MELLORA DA RÚA ÁNHEL FOLE. TREITO: PRAZA MAIOR-CENTRO DE SAÚDE. CONCELLO DE BARALLA"

### CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

O obxecto do contrato será a realización da obra "**Mellora da rúa Ánxel Fole.Treito: Praza Maior-Centro de Saúde. Concello de Baralla**" de acordo co proxecto redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D<sup>a</sup>. Laura Santalla Castro ("Punto Kilométrico Tres Ingenieros S.L.U.").

Dita mellora engloba a renovación dos servizos de abastecemento, saneamento, pluviais, alumeadado público, baixa tensión e telecomunicacións; así coma a renovación e ampliación das beirarrúas e calzada. Por último tamén se dispoñerá de nova sinalización horizontal e vertical, así coma de mobiliario urbano e xardinería.

**CPV 45233252-0**

Os documentos que compoñen o proxecto considéranse que forman parte integrante deste Prego, tendo carácter contractual.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

De conformidade co establecido no artigo 147, na adxudicación teranse en conta as variantes ou melloras que ofrezan os licitadores e que figuran descritas na cláusula novena.

### CLÁUSULA SEGUNDA.- IMPORTE DO CONTRATO.

O importe do presente contrato ascende á contía de **seiscentos vinte mil oitocentos setenta e dous € con catro céntimos (620.872,04 €)**, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **cento trinta mil trescentos oitenta e tres € con trece céntimos (130.383,13 €)**, o que supón un total de **setecentos cincuenta e unha mil douscentos cincuenta e cinco € con dezasete céntimos (751.255,17 €)**.

Entenderase que as ofertas dos licitadores ao formular as súas propostas económicas, comprenden o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, debendo indicarse como partida independente, de conformidade co disposto no artigo 87.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 e modelo de oferta económica do presente prego.

**Concello de Baralla**

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

### CLÁUSULA TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

O presente contrato financiarase en dúas anualidades: 2017 e 2018.

Anualidade 2017: 225.376,55 €

Anualidade 2018: 525.878,62 €

**As obras están cofinanciadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Vivenda, nun 90,36% do importe total, tal e como figura recollido e desglosado no Convenio asinado co Concello de Baralla o día 9 de maio de 2017 .**

### CLÁUSULA CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN E ADJUDICACIÓN, E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

O contrato adjudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado no artigos 157 a 161 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público (en adiante TRLCSP), atendendo a varios criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, a fin de facilitar a concorrencia e permitir que todo empresario interesado poida presentar unha proposición.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios contidos neste prego.

O expediente de contratación tramitarase con carácter urxente de conformidade co establecido no artigo 112 do TRLCSP.

### CLÁUSULA QUINTA.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de execución do contrato será de **oito meses (8 meses)** a partires da sinatura da Acta de Comprobación do Replanteo, distribuídos como seguidamente se detalla:

- Anualidade 2017: 225.376,55 €  
Prazo límite de execución: 15 de novembro de 2017
- Anualidade 2018: 525.878,62 €  
Prazo límite de execución: 15 de abril de 2018

---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

De producirse retraso no cumprimento do prazo e sempre que este fora por motivos non imputables ao contratista, poderá este solicitar, de conformidade co establecido no artigo 213.2 do TRLCSP, a concesión de prórroga á que deberá unirse o informe da dirección técnica da obra.

### **CLÁUSULA SEXTA.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR.**

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, segundo o nel reflectido, e agás proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar neste.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha comunidade autónoma acreditará idénticas circunstancias para os efectos da contratación con esta, cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e outras.

A proba do contido dos rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas efectuarase mediante a certificación do órgano encargado deste, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursoas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

De acordo co artigo 74 do TRLCSP a clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivese e para a celebración dos cales non se esixa estar en posesión dela.

#### **1. Documentación acreditativa da capacidade de obrar do empresario.**

A enumerada especificamente no artigo 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

#### **2. Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira do empresario.**

A enumerada especificamente no artigo 75 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

### 3. Documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional do empresario.

A enumerada especificamente no artigo 76 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

### CLÁUSULA SÉTIMA.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

#### G.6.3 e E.1.3

### CLÁUSULA OITAVA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

As ofertas presentaranse nas oficinas municipais do Concello de Baralla, de 9:00 a 14:00 horas, no prazo de **trece días (13) hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e no perfil do contratante [www.concellobaralla.es](http://www.concellobaralla.es)

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día, mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do devandito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación.

En todo caso, unha vez transcorridos os tres días hábiles seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda **“Proposición para licitar a contratación da obra “ Mellora da rúa Ánxel Fole. Treito: Praza Maior-Centro de Saúde. Concello de Baralla”**.

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre **“A”**: **Documentación administrativa.**
- Sobre **“B”**: **Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias compulsadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos:

### **SOBRE “A”.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

**Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, con NIF n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con NIF n.º \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na licitación \_\_\_\_\_, ante \_\_\_\_\_

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación da obra de \_\_\_\_\_.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistente en \_\_\_\_\_, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é \_\_\_\_\_.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso. E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20\_\_.

Sinatura do declarante,

Asdo.: \_\_\_\_\_”

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

### **SOBRE “B” PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.**

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

“D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, informado do expediente para a contratación da obra de \_\_\_\_\_ por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, anunciado no Boletín Oficial da Provincia núm. \_\_\_\_, do \_\_\_\_\_, e no perfil do contratante, fago constar:

**Primeiro.-** Que coñezo o prego que serve de base para o presente contrato e o acepto integramente.

**Segundo.-** Que participo na licitación e me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato nas seguintes condicións:

**\*Melloras** (nos termos establecidos na cláusula novena destes pregos: \_\_\_\_\_ metros.

**\*Baixa económica** (sobre o prezo fizado na cláusula segunda) polo importe de : \_\_\_\_\_ euros e : \_\_\_\_\_ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

**\*Ampliación do prazo de garantía:** \_\_\_\_\_ meses a maiores ao período mínimo de garantía fizado na cláusula décimo oitava.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20\_\_\_\_  
Sinatura do licitador

Asdo..: \_\_\_\_\_”

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

### CLÁUSULA NOVENA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto por orde decrecente de importancia e ponderación serán os seguintes:

#### 1º Melloras.

##### Mellora de conexións con viarios adxacentes.

Ofertaranse melloras para integrar as actuacións na trama viaria existente, coa mellora de beirarrúas e pavimentos nas zonas de conexión do viario no que se actúa coas viales adxacentes, homoxeneizando pavimentos e rasantes.

Para isto utilizaranse partidas do proxecto referidas a pavimentación de beirarrúas e calzadas.

O licitador propondrá as medicións en metros lineais (L) para a sección viaria tipo de mellora de conexión cos viarios adxacentes.

As ofertas valoraranse aplicando os prezos unitarios do proxecto segundo a fórmula que se adxunta.

A dirección facultativa determinará en función das melloras ofertadas pola empresa adxudicataria, o ámbito físico da súa aplicación, en función das prioridades para a mellora funcional e estética das conexións da rúa na que se actúa cos viarios adxacentes.

	CANTIDADE
Oferta de melloras en conexións de viarios adxacentes	L (metros lineais)

As cantidades ofertadas na mellora realizarase de acordo ás seguintes partidas:

<b>01</b>	<b>Capítulo</b>		<b>BEIRARRÚAS</b>
<b>8.1</b>	Partida	m2	Beirarrúa de lousa hidráulica Pavimento de beirarrúa formada por: preparación da superficie con aportación de zahorra de espesor 15 cm, formigón de base de 12 cm de espesor, morteiro de asento e nivelación de 4 cm de espesor, lousa hidráulica de cor branca ou negra de dimensións 60x40 cm, xuntas serradas cada 3 m., p.p. de acceso para persoas con mobilidade reducida, así como calea de cemento branco en selado de xuntas.

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





## Concello de Baralla

---

8.2	Partida	m	Bordo bicapa macizo Bordo bicapa macizo incluso excavación do cimento, formigón de base e morteiro de asento e rexuntado, así como parte proporcional de vaos de accesos para persoas con mobilidade reducida e entradas a garaxes legalizados.
8.3	Partida	m	Canle prefabricada Canle prefabricada de formigón, incluso excavación, formigón de asento e morteiro de nivelación.
1.1	Partida	M2	Demolición de pavimento existente Demolición de pavimento existente, e beirarrúa, formigón e aglomerado con transporte de produtos a vertedoiro autorizado.
02	<b>Capítulo</b>		<b>CALZADA</b>
8.4	Partida	M2	Fresado de pavimento existente Fresado de pavimentos de formigón bituminoso de 1 cm. de espesor con un mínimo de 1,5 metros de anchura, incluso barrido.
8.5	Partida	Tn	Formigón asfáltico AC 16 SURF BC 50/70 S (S-12) Formigón asfáltico AC 16 SURF BC 50/70 S en capa de reposición de fresado e rodadura. Fabricación incluído recheo, transporte, extensión e compactación excepto betume.
8.7	Partida	Tn	Betume asfáltico mellorado con caucho BC 50/70 Betume asfáltico mellorado con caucho BC 50/70 para formigóns asfálticos, incorporado á mestura no proceso de fabricación.
8.6	Partida	m2	Emulsión C60B3 TER Emulsión C60B3 TER, con una dotación de 0,5 Kg/m2, incluso barrido, preparación da superficie e subministro en obra.
03	<b>Capítulo</b>		<b>PINTURA</b>
9.1	Partida	Ml	Marca viaria reflexiva branca de 10 cm-CALZADA Marca viaria reflexiva branca acrílica con microesferas de vidro, de 10 cm de ancho, incluso premarcaxe, realmente pintada.

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

A valoración económica (V) da mellora realizarase de acordo coa seguinte fórmula, e aplicando os prezos de proxecto (P):

$$V = (P \text{ partida } 8.1 \times L \times 4) + (P \text{ partida } 8.2 \times L) + (P \text{ partida } 8.3 \times L) + (P \text{ partida } 1.1 \times L \times 4) + (P \text{ partida } 8.4 \times L \times 8) + (P \text{ partida } 8.5 \times L \times 0.05 \times 8 \times \text{Densidade máxima de } 2,45 \text{ Tn/m}^3) + (P \text{ partida } 8.7 \times L \times 8 \times 0.05 \times \text{Densidade máxima de } 2,45 \text{ Tn/m}^3 \times \text{Dotación } 0.049) + (P \text{ partida } 8.6 \times L \times 8) + (P \text{ partida } 9.1 \times L \times 3)$$

A mellor oferta puntuarase **cun máximo de 30 puntos**. As demais ofertas valoraranse proporcionalmente.

### 2º) *Baixa económica* (sobre o prezo fizado na cláusula segunda)

A mellor oferta puntuarase **cun máximo de 10 puntos**. As demais ofertas valoraranse proporcionalmente.

Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tendo en conta o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, tramitará o procedemento previsto ao efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e a vista do seu resultado propoñerá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

### 3º) *Ampliación do prazo de garantía das obras.*

A mellor oferta respecto ao período de garantía fixado na cláusula decimo oitava puntuarase **cun máximo de 5 puntos**. As demais ofertas valoraranse proporcionalmente.

Criterios de desempate:

Resolverase en función da maior puntuación conseguida no criterio primeiro.

Se continua o empate, o que teña maior puntuación no criterio segundo, e así sucesivamente ata que se desempate.

No último termo, se das operacións anteriores seguira resultando un empate, resolverase este por sorteo en acto público ao que serán convocados os licitadores.

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

### **CLÁUSULA DÉCIMA.- MESA DE CONTRATACIÓN.**

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, polo menos catro vogais, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

Presidente da mesa:

— O alcalde-presidente do concello de Baralla ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

- A secretaria-interventora do concello de Baralla ou funcionario/a que a substitúa.
- Un concelleiro/a designado polo alcalde.
- O técnico de emprego local do concello de Baralla.
- Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral ao servizo do concello de Baralla do grupo E.

Secretaria da mesa:

— Unha administrativa do concello de Baralla do grupo C1

Á mesa de contratación poderase incorporar como asesor o arquitecto municipal, que actuará con voz pero sen voto.

### **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.**

A Mesa de Contratación constituirase dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da finalización do prazo de presentación das proposicións e procederá á apertura dos sobres “A” e cualificará a documentación administrativa contida neles.

Se fora necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación achegada.

A Mesa, unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se

---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

axustan aos criterios de selección fixados neste prego, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

O acto público de apertura do sobre “B” terá lugar no Salón de Actos do Concello de Baralla, ás 12 horas do décimo día hábil seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Lerase en voz alta o importe das proposicións económicas, con todos os criterios avaliáveis de forma automática.

Concluído o acto público de apertura, a Mesa de Contratación realizará a valoración das ofertas, segundo os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de criterios de forma automática mediante a aplicación de fórmulas.

Unha vez valoradas as ofertas, podendo solicitar a tales efectos cantos informes técnicos considere precisos, a Mesa de Contratación remitirá ao órgano de contratación a acta, que incluírá a correspondente proposta de adxudicación na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente xunto coa puntuación outorgada a cada unha delas por aplicación dos criterios indicados no prego, identificando a oferta economicamente máis vantaxosa.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.**

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice o órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- GARANTÍA DEFINITIVA.**

---

#### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido 6 meses desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.

En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; este documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.-PUBLICIDADE DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización dos contratos de contía igual ou superior ás cantidades indicadas no artigo 154.2, publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

Ademais publicarase no BOP un anuncio no que se de conta da formalización, nun prazo non superior a 48 días contados desde a data deste.

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

### **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.-ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO.**

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinala, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co art., 229 do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Se o contratista non acude, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de trazado de planta, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 237.

Cando o resultado da comprobación demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase a autorización para iniciar as obras, facéndose constar este punto explicitamente no acta redactada; polo feito de subscribir a acta queda notificado o contratista, empezando a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da súa sinatura. O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura do acta de comprobación de trazado de planta.

O adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no traballo, axustado ao estudo básico de seguridade e saúde do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes. A aprobación do plan de seguridade e saúde corresponderalle ao Sr. Alcalde-Presidente, previo informe do coordinador de seguridade e saúde. Deberase efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (artigo 18 do Decreto 1627/97).

### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA .-CARTEIS E SINAIS**

Na data na que se inicien os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinala a Administración municipal. Deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o dito prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorridos seis meses contado desde a recepción da obra e en todo caso antes da devolución da garantía, deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Na data da acta de recepción, o adxudicatario deberá entregar á administración, reportaxe fotográfico relativo á execución e finalización das obras nas súas distintas

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

fases. A devandita documentación poderá utilizarse pola administración libremente e sen limitación temporal.

### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.-GASTOS DE ANUNCIOS, TRIBUTOS E VARIOS.**

Serán de conta do adxudicatario tódolos gastos derivados da publicación de anuncios derivados da licitación en diarios oficiais e medios de comunicación.

Ademais deberá pagar os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre a formalización e execución do contrato, que se consideran incluídos no prezo do mesmo.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMA .- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.**

- O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

— Terá dereito ao aboamento da obra que realmente execute de acordo coas cláusulas do presente prego, nos prazos legalmente establecidos.

As certificacións expediranse polo técnico director, tomando como base a relación valorada, previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

Os pagamentos verificaranse contra as certificacións de obra, acompañadas das relacións valoradas, expedidas polo técnico director da obra e aprobadas polo órgano de contratación competente.

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





## Concello de Baralla

---

Ademais o contratista deberá presentar factura polo mesmo importe que o da certificación. Nas facturas incluíranse, os requisitos establecidos no artigo 72 do R.D. 1098/2001 de 12 de outubro (polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas).

As certificacións terán o carácter de pagamento a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 % do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra, previa autorización do órgano de contratación, que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para elo e que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioro ou desaparezan.
- Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA .-RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL.**

O contratista comunicará por escrito ao director da obra a data prevista para a súa terminación. A recepción das obras realizarase dentro do mes seguinte ao da terminación das obras. Todo elo, de conformidade co artigo 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011. Do resultado da recepción redactarase acta que subscribirán tódolos asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga, o representante da administración remitiralle un exemplar da acta, para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas, fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

efectúa, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato, no prazo previsto no artigo 216.4 do TRLCSP.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.- REVISIÓN DO PREZO.**

Dada a duración do contrato e a natureza da obra, en ningún caso procederá a revisión de prezos no presente contrato.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.-MODIFICACIÓN DO CONTRATO.**

Só poderán introducirse modificacións por razóns de interese público nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP, atendendo aos termos que estableza a Dirección de obra debidamente aprobados polo órgano de contratación.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA .-PRAZO DE GARANTÍA.**

O prazo de garantía terá unha duración de **UN ANO** contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, a custa do contratista. Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto no artigo 236 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, sobre a responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, se é o caso, das obrigas pendentes.

De conformidade co disposto na lei 14/2013 de 27 de setembro, transcorrido o prazo de seis meses desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción e a liquidación tivera lugar por causas non imputables ao contratista, procederase sen mais demora á devolución ou cancelación das garantías unha vez depuradas as responsabilidades ás que se refire o artigo 100.

---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para elo durante o que continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**

Ademais dos suposto de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das cláusulas previstas nos artigo 223 e 237 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, dando lugar aos efectos previstos nos artigo 225 e 239 da mesma.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.**

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e Saúde no traballo da obra, axustado ao estudo básico de seguridade e saúde do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes. No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e as cuestións que se plantexen dilucidaranse en vía administrativa.

Ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias, así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, ou normas regulamentarias que os substitúan.

No que non estea previsto estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei

---

### Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



## Concello de Baralla

---

30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público; e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e esta vixente trala entrada en vigor do Real Decreto 817/2009. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato resolveranse polo órgano de contratación; os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, nos tribunais competentes do enderezo procesual do Concello, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición. Todo elo, sen prexuízo da previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo previsto na Lei 30/92 de 27 de novembro e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Nos supostos aos que se refire o artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, poderá interpoñerse o recurso administrativo especial en materia de contratación, de conformidade no disposto na lei.

Baralla, 26 de maio de 2017

O ALCALDE

Asdo. Manuel Jesús González Capón



---

## Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221